



BANDO

Ante a prevista apertura do **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (PAAR)** para o vindeiro ano 2009, dende a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e deporte) e en colaboración co Concello de Campo Lameiro porase en marcha un *programa de visitas guiadas ó Parque e Centro de Interpretación da Arte rupestre* dende o **15 de setembro ó 15 de novembro** do presente ano.

A finalidade deste programa de visitas guiadas é, fundamentalmente, dar a coñecer os traballos que se están a realizar no Parque para a posta en valor do conxunto de gravados rupestres, e presentar as actuacións futuras vinculadas ao mesmo.

Polo tanto,

Infórmase que

1. As primeiras visitas organizadas faranse para os **veciños/as de Campo Lameiro** nas **datas e horarios** seguintes:

- Sábados: **20 e 27** de setembro de 2008.
- Domingos: **21 e 28** de setembro de 2008.

Horario e duración das visitas guiadas:

Haberán en xornada de **mañá de 11:00 a 13:30 horas** ou en xornada de **tarde de 17:00 a 19:30 horas**.

2. Os grupos serán de 20 participantes como máximo para cada visita, polo que é preciso **apuntarse e reservar praza** chamando ó concello 986 75 20 34 en horario de oficina ou ben no teléfono 693 739 860 de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas, de luns a xoves.
3. O desprazamento ata o recinto do Parque farase en microbús que **sairá** as horas marcadas **do Centro Sociocultural Sobrino Buhígas** de Campo Lameiro.

E para que conste os efectos oportunos, asino a presente a 5 de setembro de 2008

Asdo: Julio Sayáns Bugallo

Alcalde de Campo Lameiro